4

Daniel é un neno de doce anos que vive nunha aldea de Lugo. A noite de Samaín seus pais deixárono na casa do seu amigo Antón porque tiñan que ir ao tanatorio que morrera un veciño de alí. Nesa mesma noite a Antón doíalle moito a cabeza e tiña febre.

- Daniel, vamos levarte para casa dos teus avós porque temos que levar a Antón ao hospital. - Díxolle a nai de Antón.

-Non fai falta, levade a Antón ao hospital canto antes que eu vou só. - Dixo Daniel.

- Estás seguro? - Preguntou a nai de Antón.

- Si, vou correndo e chego axiña -. Respondeu Daniel con seguridade.

Era noite pechada e Daniel tiña moito medo pero tiña que ser valente. Entón ocorréuselle disfrazarse de fantasma cunha gran sábana branca, logo pillou unha cabaza da horta de Antón e meteuse nela, fíxolle dous buratos para os ollos e outros dous para as pernas e empezou a camiñar cara á casa dos seus avós.

4




Polo camiño Daniel só vía vampiros, bruxas, esqueletos...
Cada vez estaba máis asustado, cando xa estaba preto da casa dos seus avós Daniel tropezou cunha pedra e a cabaza rompeu á metade, de súpeto notou que alguén lle tocaba o ombreiro, xirouse e viu unha bruxa moi velliña.

-E ti quen es? -Preguntou a bruxa.

-Eu son o fantasma Cibrán -Afirmou Daniel con voz tenebrosa.

-Pero ti, de onde es? -Nunca te vin por aquí?- Preguntou algo estrañada.

-Eu veño de Ourense -Dixo Daniel asustado.

-E para que ves aquí?. -Preguntou a bruxa.

-Veño para asustar nenos -Dixo Daniel

-Ai! pois logo pasa -Dixo a bruxa

4

Daniel empezou a correr e chegou por fin á casa dos seus avós. Xusto ó abrir a porta encontrouse coa súa avoa e empezou a contarlle toda a historia que lle pasara pero á avoa non lle fixo moito caso e díxolle que fora para a cama que debería estar moi canso. Tan pronto se levantou foi visitar a súa bisavoa Manuela para contarlle a mesma historia pero aínda estaba na cama, iso a Daniel estrañoulle e foille a preguntar se estaba enferma, ela riuse e díxolle que non pero que a noite de Samaín se disfrazara de bruxa para asustar algún neno e que o susto o levara ela. Entón Daniel botouse a rir...

Nin Daniel nin a bisavoa se recoñeceran un ao outro.

